http://libgdx.badlogicgames.com/

Programación de xogos 2D/3D
Framework LIBGDX

PARTE 3D

Lugar: CE.FO.RE. FERROL
Docente: ANGEL DANIEL FERNÁNDEZ GONZÁLEZ

DO 2 Ó 6 DE SETEMBRO DO 2013

Manual de desenvolvemento de xogos 3D co motor de xogos LIBGDX

Imos desenvolver un xogo en 3D.
Para facelo, primeiro imos ver cales son as diferencias entre a cámara Ortográfica e a cámara de Perspectiva.

Tamén imos explorar como facer figuras xeométricas en 3D mediante o uso dunha nova clase denominada Mesh.

Un pouco de historia.

A librería gráfica que imos utilizar para desenvolver xogos 3D é a OPEN GL ES. Denomínase ES xa que é a usado en dispositivos móbiles coma teléfonos, tablets,....
Ten diferenzas con respecto a open gl usada nas aplicacións de computadores, pero os conceptos que imos aprender son os mesmos.

Podedes consultar as diferenzas entre OPEN GL e OPEN GL ES no seguinte enlace:

http://es.wikipedia.org/wiki/OpenGL_ES

Agora mesmo temos tres versións de OPEN GL: 1.0, 1.1, 2.0 e 3.0.

Nos imos desenvolver xogos baseados na versión 1.0/1.1, compatible con todos os dispositivos.

Empezando:

Creamos por tanto un novo proxecto en branco e engadimos unha clase de nome: Triangulos3D.java que derive da clase Game e sexa chamada pola clase principal das diferentes versións (desktop, android,...).

O primeiro que imos facer vai ser definir un triángulo cun obxecto da clase Mesh. O Mesh vainos permitir representar unha figura xeométrica en tres dimensións.

O código será o seguinte:

```
private Mesh triangulo1;  // Definomos unha propiedade pertencente á clase Mesh

@Override
public void create() {
        // TODO Auto-generated method stub

                triangulo1 = new Mesh(true, 3, 3,
                new VertexAttribute(Usage.Position, 3, "a_position"));

                triangulo1.setVertices(new float[] { -0.5f, -0.5f, 0,
                0.5f, -0.5f, 0,
                0, 0.5f, 0 });

                triangulo1.setIndices(new short[] { 0, 1, 2 });
}
```

Analicemos o constructur empregado na creación do obxecto Mesh:

```
triangulo1 = new Mesh(true, 3, 3, new VertexAttribute(Usage.Position, 3, "a_position"));
```

- 1º parámetro (true): indicámoslle se é de clase ou non. Este parámetro é usado internamente por motivos de 'eficiencia' e se aplica á función glBufferData de OpenGL e normalmente sempre poñeremos true excepto no caso de usar animacións no que o mesh varía en cada frame (http://stackoverflow.com/questions/5402567/whats-glbufferdata-for-in-opengl-es)
- 2º parámetro: é o número de vértices que ten a figura (no noso caso 3, un triángulo).
- 3º parámetro: é o número de índices. Os índices van a indicar en que orden se deben unir as liñas entre os vértices. No noso caso son tres índices.
- 4º parámetro: indicamos que información imos a enviarlle o mesh (pode ser a posición, a cor, a textura,...). No noso caso pasámoslle a posición dos vértices que conforman o triángulo no espazo x,y,z.. Cada vértice terá tres números (as coordenadas x,y,z), por iso indicamos o número 3 (**new** VertexAttribute(Usage.*Position*, **3,.....**))

  Creamos por tanto unha instancia do obxecto VertexAttribute onde indicamos que información vai levar cada vértice. Sempre ten que levar coma mínimo a posición x,y,z de cada vértice por iso poñemos Usage.Position.

  ```
  new VertexAttribute(Usage.Position, 3, "a_position")
  ```

  O valor 'a_position' é un alias utilizado por Open Gl 2.0 para asociar cada vértice a unha sombra (non usado por nos).

A continuación indicamos as coordenadas x,y,z do noso triángulo.

Nota: cabe sinalar que a cámara, por defecto, se sitúa na posición (0,0,0) mirando cara a coordenada z negativa:

```
triangulo1.setVertices(new float[] { -0.5f, -0.5f, 0,
                                      0.5f, -0.5f, 0,
                                      0, 0.5f, 0 });
```

Por defecto a cámara vai visualizar a seguinte área:



Polo tanto o triángulo estará nesta posición:



Nota: A coordenada Z sempre é 0 xa que estamos a debuxar un triángulo 'plano', non unha pirámide.

A forma en como a cámara interpreta o signo positivo ou negativo das coordenadas x,y,z é o que se coñece como regra da man dereita.



A cámara mira cara ao z negativo (ven ser coma nos mirando cara o monitor, a nosa cabeza estaría situada na coordenada z=0 e o monitor nun z cun valor negativo). Por detrás da nosa cabeza o z aumenta. O X e Y serán igual ca sempre: X positivo cara a dereita e negativo cara á esquerda e Y positivo cara arriba e negativo cara abaixo.



Seguimos co exemplo do triángulo:

O seguinte é indicarlle a orde que ten que seguir polos vértices para debuxar a figura. Os vértices empezan a numerarse polo 0.

```
triangulo1.setIndices(new short[] { 0, 1, 2 });
```

No noso caso non importaría a orden xa que sempre debuxamos un triángulo:



Agora temos que sobreescribir o método render para debuxar o triangulo1.
Para facelo imos utilizar a versión de OpenGL ES 1.0 normalmente suficiente para a maioría dos xogos 2D / 3D e sabemos que é compatible con todos os dispositivos.

Nota: máis información en http://www.khronos.org/opengles/

```
@Override
public void render() {

        Gdx.gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT);
        triangulo1.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 3);
}
```

A primeira liña indica que borre a pantalla. A cor por defecto é o negro, pero podemos modificala coa orden Gdx.gl.glClearColor.

```
Gdx.gl.glClearColor(1, 0, 0, 0); Exemplo para cambiar a cor de fondo
                  (red,green,blue,alfa): Parámetros do método glClearColor
```

A segunda liña

```
triangulo1.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 3);
```

debuxa o triángulo, indicando que:

- Imos utilizar triángulos (os cadrados se poden forman con dous triángulos).
- O segundo parámetro indica o desprazamento dentro do buffer de vértices. Normalmente poñeremos 0 (é o array onde están definidos os vértices).
- O terceiro parámetro indica o nº de índices ou vértices a utilizar.

Seguimos. Agora imos modificar o triángulo para que se debuxe cunha cor.
Para isto temos que modificar a chamada ó constructor do Mesh para engadir a cada vértice a

información de cor que queiramos que teña:

```
triangulo1 = new Mesh(true, 3, 3,
                new VertexAttribute(Usage.Position, 3, "a_position"),
                new VertexAttribute(Usage.ColorPacked, 4, "a_color"));
```

Como cada cor vai ter catro datos (Red,Green,Blue,Alfa), por iso indicamos un 4.

Nota: lembrar que alfa e o nivel de transparencia.

Agora temos que indicar a cor no mesmo sitio onde vai a información de posicionamento:

```
triangulo1.setVertices(new float[] { -0.5f, -0.5f, 0,Color.toFloatBits(255, 0, 0, 255),
              0.5f, -0.5f, 0,Color.toFloatBits(255, 0, 0, 255),
              0, 0.5f, 0 ,Color.toFloatBits(255, 0, 0, 255)}
              );
```

Como lle indicamos que na compoñente Red ten valor 255, estamos a pintar un triángulo vermello. O alfa polo de agora non fai nada, o veremos máis adiante.



Nota: O parámetro alfa indica o nivel de transparencia que pode ir dende 0 (transparente) a 1 (opaco). No caso anterior estamos utilizando unha función que nos permite utilizar números entre 0 e 255, que será equivalente a usar valores dende 0 a 1.

Cada cor está asociada a cada un dos vértices.
Se poñemos valores diferentes en cada vértice fai un varrido de cor dende un valor a outro.

Por exemplo:

```
triangulo1.setVertices(new float[] { -0.5f, -0.5f, 0,Color.toFloatBits(255, 0, 0, 255),
              0.5f, -0.5f, 0,Color.toFloatBits(0, 255, 0, 255),
              0, 0.5f, 0 ,Color.toFloatBits(0, 0, 255, 255)}
);
```



Engadindo unha textura.

Para nos, a textura ven ser un debuxo (imaxe) que vai 'pegada' a unha figura xeométrica (no noso caso un triángulo).

Imos 'pegar' unha imaxe ó triángulo.
Creamos un cartafol na versión Android de nome /texturas dentro do cartafol assets:



Copiamos o arquivo de textura dende o DVD (/Proxectos Eclipse/Proxecto 3D planetas/0.-Explicación inicial (Triángulo-Cubo)/badlogic.jpg) ó cartafol assets/texturas/ da versión de Android.

Igual que fixemos antes coas cores, temos que informar ó obxecto Mesh que imos utilizar unha textura.

```
triangulo1 = new Mesh(true, 3, 3,
                new VertexAttribute(Usage.Position, 3, "a_position"),
                new VertexAttribute(Usage.ColorPacked, 4, "a_color"),
                new VertexAttribute(Usage.TextureCoordinates, 2, "a_texCoords"));
```

Con isto imos dicirlle que por cada vértice imos utilizar dúas coordenadas para indicar que parte da textura vai nese vértice. Temos que pensar que a textura vai debuxarse sobre unha superficie 2D (no noso caso un triángulo).

A textura sempre se debuxa sobre unha superficie de coordenadas entre 0-1. As coordenadas, cando falamos de texturas se denominan (u,v) que serían o equivalente a coordenadas (x,y).

Se queremos que dita textura se debuxe sobre un triángulo, temos que indicar as coordenadas na que se ten que debuxar a parte da textura que queiramos :

No noso caso serían as **<u>coordenadas da textura</u>** (0,1) – (1,1) – (0,5,0) que irán en cada vértice do triángulo.

Para cargar a textura creamos unha propiedade Texture:

```
private Texture textura;
```

No método create cargamos a textura dende o arquivo e a asociamos á propiedade:

```
FileHandle imageFileHandle = Gdx.files.internal("texturas/badlogic.jpg");
textura = new Texture(imageFileHandle);
```

Agora temos que asinar a textura a cada vértice do triángulo:

```
triangulo1.setVertices(new float[] { -0.5f, -0.5f, 0,Color.toFloatBits(255, 0, 0, 255),0,1,
              0.5f, -0.5f, 0,Color.toFloatBits(0, 255, 0, 255),1,1,
              0, 0.5f, 0 ,Color.toFloatBits(0, 0, 255, 255),0.5f,0}
              );
```

E debuxar a textura. Para facelo temos que habilitar o uso de texturas e 'vincular' a textura o Mesh:

```
public void render() {
       // Gdx.gl.glClearColor(1, 0, 0, 0); Exemplo para cambiar a cor de fondo
       Gdx.gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT);
       Gdx.gl.glEnable(GL10.GL_TEXTURE_2D);
       textura.bind();
       triangulo1.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 3);
}
```

Despois de facer o bind, calquera cousa que se debuxe vai ter asociado a textura.



Fixarse como parte da textura se perde, xa que a textura é un cadrado e estamos a debuxar un triángulo.

Resume:

- Vimos como debuxar unha figura xeométrica usando a clase Mesh.
- Asociamos unha cor e unha textura a dita figura.

Polo de agora imos deixar o tema dos mesh e imos comprender como funciona a cámara en 3D (PerspectiveCamera).

Exercicio:

Facer un cadrado de tamaño 2x2 e asinarlle a textura anterior.

Solución:

```
public class Cadrado3D extends Game {

	private Texture textura;
	private PerspectiveCamera camara;

	private Mesh cadrado;

	@Override
	public void create() {
		// TODO Auto-generated method stub

		cadrado = new Mesh(true,4,6,
				new VertexAttribute(Usage.Position,3,"a_position"),
				new VertexAttribute(Usage.TextureCoordinates,2,"a_textcoords")
		);
		cadrado.setVertices(new float[] {-1f,-1f,-3f,0,1,
                                                 1f,-1f,-3f,1,1,
                                                 -1f,1f,-3f,0,0,
                                                 1f,1f,-3f,1,0
```

```
                                                                        });
                cadrado.setIndices(new short[]{0,1,2,1,2,3});

                FileHandle imagefile = Gdx.files.internal("texturas/badlogic.jpg");
                textura = new Texture(imagefile);



        } // fin do create

        public void resize(int width, int height) {

        float aspectRatio = (float) width / (float) height;

        camara = new PerspectiveCamera();
                camara.viewportWidth = 2f*aspectRatio;
                camara.viewportHeight = 2f;
                camara.near=0.1f;
                camara.far=10f;
                camara.update();


    }

        @Override
        public void render(){
                //Gdx.gl.glClearColor(1,0,0,0);
                GL10 gl = Gdx.gl10;

                gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT | GL10.GL_DEPTH_BUFFER_BIT);

                gl.glMatrixMode(GL10.GL_PROJECTION);
                gl.glLoadIdentity();
                camara.apply(gl);

                gl.glMatrixMode(GL10.GL_MODELVIEW);
                gl.glLoadIdentity();

                Gdx.gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT);
                Gdx.gl.glEnable(GL10.GL_TEXTURE_2D);

                textura.bind();
                cadrado.render(GL10.GL_TRIANGLES,0,6);

                Gdx.gl.glDisable(GL10.GL_TEXTURE_2D);

        }

}
```

A CAMARA:

Agora mesmo estamos a ver unha **Proxección Ortográfica.** Neste tipo de proxección, non existe unha perspectiva dos obxectos que se visualizan na pantalla.

Dita cámara por defecto visualiza o seguinte espazo:



Sendo a coordenada Z a que sairía da pantalla, indo dende +1 (mirando cara nós, saíndo da pantalla) ata -1 (cara dentro da pantalla).

Podemos comprobar como se posicionamos o noso triángulo na coordenada Z = -1.1f xa non se visualiza (comprobádeo).

Do anterior podemos concluír que a cámara visualiza un volume:





Fixarse na posición da cámara

Resultado da Proxección ortográfica

Para determinar o tamaño do volume do que se ve, se ten que indicar o plano NEAR (preto) e o plano FAR (afastado).

O plano NEAR se determina por catro coordenadas (left, top, right, bottom) e despois indicamos dúas distancias (near / far). O tamaño do plano far é igual o tamaño do plano near.

Fixarse como neste tipo de perspectiva podemos ter un near que quede por detrás da cámara (como é o exemplo anterior). O que fai dita perspectiva será coller todo o que hai dentro deste volume e visualizalo de forma 'plana'.





Nota: a todo o volume que se visualiza e o que se coñece coma **View Frustrum.**

Neste caso se visualiza o mesmo que no caso anterior xa que segue 'collendo' os dous obxectos. Imos crear dous triángulos (de cores vermello e verde) sen texturas e imos colocalos nas coordenadas Z -3 e -5 respectivamente, situando o triángulo verde na coordenada X dende a

posición 0 ata a posición 1f e deixando o triángulo vermello na posición do exercicio anterior (-0,5 a +0,5 en X).

Nota: non podedes visualizar nada xa que a cámara só chega ata a coordenada Z=-1.

```
private Mesh triangulored,trianguloverde;

@Override
public void create() {
	// TODO Auto-generated method stub


	triangulored = new Mesh(true, 3, 3,
			new VertexAttribute(Usage.Position, 3, "a1_position"),
			new VertexAttribute(Usage.ColorPacked, 4, "a1_color"));

	triangulored.setVertices(new float[] {
			-0.5f, -0.5f, -3f, Color.toFloatBits(255, 0, 0, 255),
			0.5f, -0.5f, -3f, Color.toFloatBits(255, 0, 0, 255),
			0f, 0.5f, -3f, Color.toFloatBits(255, 0, 0, 255)
			 });

	triangulored.setIndices(new short[] {0, 1, 2});


	trianguloverde = new Mesh(true, 3, 3,
			new VertexAttribute(Usage.Position, 3, "a2_position"),
			new VertexAttribute(Usage.ColorPacked, 4, "a2_color"));

	trianguloverde.setVertices(new float[] {  // É o verde, se ve detrás
			0f, -0.5f, -5f, Color.toFloatBits(0, 255, 0, 120),
			1.0f, -0.5f, -5f, Color.toFloatBits(0, 255, 0, 120),
			0.5f, 0.5f, -5f, Color.toFloatBits(0, 255, 0, 120) });

	trianguloverde.setIndices(new short[] {0, 1, 2});


}

@Override
public void render() {

	Gdx.gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT);
	triangulored.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 3);
	trianguloverde.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 3);
}
```

Agora chega o momento de indicarlle a cámara cal é o seu volume de visualización.
Isto o podemos facer cun obxecto cámara ou directamente no método render.
Pero antes disto temos que falar doutro concepto que existe en OPEN GL ES que son as matrices.

Todas as modificacións que se fan sobre os obxectos que se van visualizar (cambio de perspectiva, movemento da cámara, cambiar o tamaño do que se visualiza, rotar ou trasladar,...) se fai mediante unha serie de operacións matemáticas con matrices. Ditas matrices sofren modificacións e se aplican a cada un dos vértices que conforman a figura xeométrica que queremos debuxar.

Os tres tipos de matrices que existen son: matriz de proxección (GL_PROJECTION), matriz de modelado (GL_MODELVIEW) e matriz de textura (GL_TEXTURE).
No caso de querer cambiar o tamaño de visualización o temos que facer sobre a matriz de proxección, mentres que o debuxado (render) dos obxectos o temos que facer na matriz de modelado.

Para elixir o tipo de matriz temos que indicalo así:

```
GL10 gl = Gdx.gl10;

gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT);
gl.glMatrixMode(GL10.GL_PROJECTION);
```

Nota: estamos traballando coa versión de OPEN GL ES 1.0 xa que é soportada por todos os dispositivos. Se queremos saber se podemos usar outra versión distinta podemos facer uso da función:

```
Gdx.graphics.isGL11Available() ou  Gdx.graphics.isGL20Available()
```

Agora temos que inicializar a matriz (é o que se coñece coma matriz de identidade):



O facemos coa orden:

```
gl.glLoadIdentity();
```

Despois temos que definir o View Frustrum (volume de visualización) coar orde glOrthof:

```
gl.glOrthof(-1f  ,  1f   ,  -1f   ,  1f ,    -1f,       10f);
            left , right , bottom , top ,  dist_near , dist_far)
```

Con esta orde se modifica a matriz de proxección para que aplica as operacións necesarias sobre os vértices para ter a proxección indicada.

Parece un pouco lioso xa que os parámetros dist_near e dist_far son distancias con respecto a posición da cámara, de tal forma que o valor negativo supón ir detrás da cámara e un valor positivo supón ir diante da cámara. Despois, iso traducido as coordenadas x,y,z vai depender da posición da cámara (no noso caso posición 0,0,0 por defecto) e polo tanto o volume de visualización vai dende Z = +1 ata Z=-10 na coordenada Z (lembrar que a Z positiva é a que sae da pantalla => regra da man dereita)



Agora temos que cambiar de vista é elixir a matriz ModelView e inicializala para debuxar:

```
gl.glMatrixMode(GL10.GL_MODELVIEW);
gl.glLoadIdentity();
triangulored.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 3);
trianguloverde.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 3);
```

Quedando o método así:

```
@Override
public void render() {
	GL10 gl = Gdx.gl10;

	gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT);
	gl.glMatrixMode(GL10.GL_PROJECTION);
	gl.glLoadIdentity();
	gl.glOrthof(-1f, 1f, -1f, 1f, -1f, 10f);


	gl.glMatrixMode(GL10.GL_MODELVIEW);
	gl.glLoadIdentity();
	triangulored.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 3);
	trianguloverde.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 3);
}
```

Nota: Estamos modificando directamente a matriz de proxección coa orden glOrthof, pero podemos facer uso dun obxecto OrthographicCamera para facer o mesmo como veremos a continuación.

Exercicios:

Modificar o View Frustrum para que só apareza o triángulo vermello.

Outra forma de facer o mesmo é utilizando un obxecto da clase `OrthographicCamera`. Para isto creamos un obxecto pertencente a esta clase e no método create engadimos o seguinte código:

```
private OrthographicCamera camara;

@Override
public void create() {
......

        camara = new OrthographicCamera();
        camara.viewportWidth = 2f;
        camara.viewportHeight = 2f;
        camara.near=0.1f;
        camara.far=10f;
        camara.update();
}
```

Fixarse que no constructor da clase OrthographicCamera podemos enviarlle o tamaño do Viewport. O ViewPort ven ser o tamaño que ten a pantalla e no caso anterior se corresponde coa definición do plano Near (é o que definíamos no exercicio anterior coas coordenadas Left-Bottom-Right-Top).

Lembrar que se poñemos isto:

```
        camara = new OrthographicCamera(2f,2f);
```

estaremos situando a cámara na posición (1f,1f) automaticamente (a metade do tamaño x,y pasado no constructor).

Nese caso, se queremos situar á cámara na posición (0,0,0) teríamos que facer a chamada o método:

```
        camara.position.set(x,y,z)
```

Despois definimos a distancia dos planos Near e Far e obrigatoriamente temos que chamar ó método update.

MOI IMPORTANTE: é necesario chamar o método update() da cámara ante calquera modificación porque se non, non actualiza o View Frustrum.

Despois temos que modificar o método render para que a matriz GL_PROJECTION se modifique coas opcións da cámara:

```
@Override
public void render(){
        GL10 gl = Gdx.gl10;

        gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT);
        gl.glMatrixMode(GL10.GL_PROJECTION);
        gl.glLoadIdentity();
        //gl.glOrthof(-1f, 1f, -1f, 1f, 0f, 10f); // Xa non é necesario
        camara.apply(gl);  // Aplicamos as propiedades modificadas no create

        gl.glMatrixMode(GL10.GL_MODELVIEW);
        gl.glLoadIdentity();

        triangulo1.render(GL10.GL_TRIANGLES,0,3);
```

```
            triangulo2.render(GL10.GL_TRIANGLES,0,3);
        }
```



Como vemos o resultado é o mesmo.

Nota: Lembra que calquera modificación sobre o tamaño do View Frustrum e os planos Far e Near ten que actualizarse chamando o método update da cámara e aplicar dita cámara a matriz de proxección (`camara.apply(gl);`).

Agora imaxinemos que queremos modificar a posición da cámara (por defecto na posición 0,0,0). Temos que facelo na matriz de Modelado:

```
            gl.glMatrixMode(GL10.GL_MODELVIEW);
            gl.glLoadIdentity();
            camara.position.set(1,0,0);
            camara.update();
            camara.apply(gl);
```

Exercicio: Modificar a posición da cámara para que só apareza o triángulo verde.

Agora, antes de empezar a ver a cámara de Perspectiva (utilizada para xogos tridimensionais) imos a arranxar outra cousa.

Se vos fixades, os triángulos non teñen en conta a dimensión Z, no sentido que o triángulo vermello que está situado na coordenada Z = -3 debería debuxarse sempre por enriba do triángulo verde situado na coordenada Z = -5.

Sen embargo isto non se cumpre, xa que depende da orde no que se debuxen así aparecen:




```
triangulloverde.render(GL10.GL_TRIANGLES,0,3);
triangulored.render(GL10.GL_TRIANGLES,0,3);
```

O triángulo verde está situado en Z=-5 (é o de cor verde). Sen embargo aparece por enriba.

Para solucionalo en OPELGL temos dúas opcións:

- Algoritmo das caras de atrás: consiste en ocultar as caras que non se debuxarían porque formarían parte da parte traseira do obxecto:



sen ocultar ocultando

- Algoritmo do Z-Buffer: consiste en ter gardada nunha matriz a posición Z de cada punto de tal forma que cando se debuxa cada punto se comproba o Z do novo punto e se verifica que non exista outro punto no mesmo sitio cun Z máis grande (iría diante).

Sen Z-buffer

Con Z-buffer

Nos imos utilizar dita técnica. Para isto temos que:

- decirlle que cando borre a pantalla tamén borre os datos do Z-buffer:

```
public void render(){
        GL10 gl = Gdx.gl10;

        gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT | GL10.GL_DEPTH_BUFFER_BIT);
```

- Antes de debuxar debemos habilitar dito modo:

```
        gl.glEnable(GL10.GL_DEPTH_TEST);
```

- Debuxamos e deshabilitamos o modo:

```
        triangulo1.render(GL10.GL_TRIANGLES,0,3);
        triangulo2.render(GL10.GL_TRIANGLES,0,3);

        gl.glDisable(GL10.GL_DEPTH_TEST);
```

Resultado:



Mantendo o aspecto dos triángulos:

Fixarse que pasa se alongamos a pantalla (sería equivalente a executar a nosa aplicación nun dispositivo móbil cunha resolución maior en ancho):



Como vemos os triángulos se alongan. Isto é debido a que o ViewPort que definimos sempre ten 2f de ancho, polo que se aumenta a resolución os triángulos se teñen que adaptar á nova medida.

Para evitalo, unha posible solución sería sobreescribir o método resize para que aumente o tamaño do width do viewport en función do ancho da pantalla (relación de aspecto):

Nota: quitamos todo o código do constructor da clase referido á cámara.

```
public void create() {
......

        camara = new OrthographicCamera();
        camara.viewportWidth = 2f;
        camara.viewportHeight = 2f;
        camara.near=0.1f;
        camara.far=10f;
        camara.update();
}
```

No método resize:

```
public void resize(int width, int height) {

        float aspectRatio = (float) width / (float) height;

        camara = new OrthographicCamera();
        camara.viewportWidth = 2f*aspectRatio;
        camara.viewportHeight = 2f;
        camara.near=0.1f;
        camara.far=10f;
        camara.update();
}
```

O resultado agora é este:



Nota: o tamaño que visualiza a cámara é de 2f x 'relacion_de_aspecto'.
Nada impide modificalo para que teña un alto de 60,100,...ou as unidades que nos inventemos do noso mundo. Teremos que axustar o tamaño dos obxectos en relación co tamaño do noso mundo. Dependendo do xogo esta pode ser unha opción ou non, xa que os usuarios que tiveran una resolución maior poderían ver máis partes do xogo (ven máis ancho).

Transparencia:

Modificamos a transparencia do triángulo vermello, o situado máis cerca (na posición Z=-3), ó valor 125 nos tres vértices:

```
triangulo1.setVertices(new float[] {-0.5f,-0.5f,-3f,Color.toFloatBits(255, 0, 0, 125),0,1,
            0.5f,-0.5f,-3f,Color.toFloatBits(255, 0, 0, 125),1,1,
            0f,0.5f,-3f,Color.toFloatBits(255, 0, 0, 125),0.5f,0
                                                                    });
```

Nota: lembrade que un valor 1 (255 no noso exemplo) é opaco e un valor 0 é transparente.

Veremos que non fai nada. Para que funcione a transparencia temos que facer o seguinte:

- Todos os obxectos con transparencias teñen que estar renderizados dende o máis distante á cámara ata o máis preto, nesa orde.
- Todos os obxectos opacos teñen que estar renderizados primeiro e non importa a orde.

No noso caso temos que renderizar primeiro a triángulo verde (é o máis distante), despois o vermello. Ademáis temos que activar o Blending en Open GL dunha forma moi parecido a como activamos o Z-Buffer:

```
@Override
public void render(){
        GL10 gl = Gdx.gl10;

        gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT | GL10.GL_DEPTH_BUFFER_BIT);

        gl.glMatrixMode(GL10.GL_PROJECTION);
        gl.glLoadIdentity();

        camara.apply(gl);

        gl.glMatrixMode(GL10.GL_MODELVIEW);
        gl.glLoadIdentity();

        gl.glEnable(GL10.GL_DEPTH_TEST);
        gl.glEnable(GL10.GL_BLEND);
        gl.glBlendFunc(GL10.GL_SRC_ALPHA, GL10.GL_ONE_MINUS_SRC_ALPHA);

        triangulo2.render(GL10.GL_TRIANGLES,0,3);  // CAMBIAMOS A ORDE
        triangulo1.render(GL10.GL_TRIANGLES,0,3);

        gl.glDisable(GL10.GL_BLEND);
        gl.glDisable(GL10.GL_DEPTH_TEST);

}
```

O resultado:



A cámara en perspectiva.

Ata o de agora estamos utilizando unha visión ortogonal. Agora imos utilizar unha visión en perspectiva polo que os obxectos distantes veranse máis pequenos que os pretos.



Os conceptos son os mesmos aprendidos para a cámara orthogonal. Temos un ViewFrustrum que ven a ser o volume que se pode visualizar, definido polo plano near e far. A diferenza é que agora cando vexamos a imaxe en pantalla teremos unha 'perspectiva' (por exemplo, os obxectos máis pretos veranse máis grandes).



Temos que definir unha cámara que proporcione unha proxección en perspectiva fronte a proxección ortogonal.

Para definir dita perspectiva o podemos facer como o fixemos no caso de cámara ortogonal (definindo o tamaño frontal do plano e establecendo a distancia dos planos near e far.

```
private PerspectiveCamera camara;

public void resize(int width, int height) {

        float aspectRatio = (float) width / (float) height;

        camara = new PerspectiveCamera();
        camara.viewportWidth = 2f*aspectRatio;
        camara.viewportHeight = 2f;
        camara.near=0.1f;
        camara.far=10f;
        camara.update();
}
```

Por defecto establece un ángulo alfa de 67 grados, que se pode establecer ou ben no constructor ou utilizando o atributo fieldOfView.



O ángulo alfa se coñece coma Field Of View (FOV) e representa o ángulo de visión da cámara sobre a proxección dos obxectos. Queda máis claro no seguinte gráfico:



Como podemos observar, o que se visualizaría na pantalla (screen window) variará en función deste ángulo, podendo producir un certo efecto de 'zoom' dependendo do ángulo utilizado.

MOI IMPORTANTE: Na cámara en perspectiva ten que cumplirse que 0 < near < far

NOTA: o viewport width/height só serve para establecer a relación de aspecto. Lembrar que estamos traballando en 3D e polo tanto non limitamos o ancho e alto do que vemos.

Por exemplo, se temos un cubo situado na posición (0,0,0) de tamaño 1f.
O tamaño da pantalla onde se vai visualizar ten unha relación de aspecto de 1 (por exemplo 100x100 ou 200x200,...).

```
cfg.width = 400;
cfg.height = 400;
```

Situamos a cámara na posición (0f,0f,1.2f).
Definimos a cámara co viewport width e height a 1:

```
camara = new PerspectiveCamera(67, 1f , 1f);
```

Teríamos este resultado:

Se agora cambiamos o viewport width e poñemos dous:



O cubo se deforma xa que coa cámara estamos a dicirlle que pode debuxar, para cubrir todo o ancho da pantalla, un obxecto con dúas unidades de ancho (2f) e o cubo ten unha polo que para adaptalo a ese ancho 'o deforma'. Se queremos que o cubo sempre se vexa ben teremos que adaptar o ancho da

pantalla en función da relación de aspecto (ancho e alto da resolución de pantalla).

```
float aspectRatio = (float) width / (float) height;
 camara = new PerspectiveCamera(67, 1f*aspectRatio , 1f);
```

Se o deixamos así o ancho se adapta e o cubo sempre vaise debuxar ben:

Normalmente ponse:

```
camara = new PerspectiveCamera(67, width*aspectRatio ,height);
```

aínda que o efecto é o mesmo (lembrar que non estamos definindo o tamaño do que se ve, como no caso da cámara en perspectiva, se non a relación de aspecto). ESTAMOS EN 3D.

Creando cubos animados.

Imos crear unha nova clase Cubo3D.java e imos copiar a textura dunha caixa (no DVD /Proxectos Eclipse/Proxecto 3D planetas/0.- Explicación inicial (Triángulo-Cubo)/crate.png) no cartafol Assets/texturas/ do proxecto de Android.

Imos crear un obxecto Mesh onde imos definir os vértices que conforman os cubos de acordo co seguinte esquema:



Para facelo imos a utilizar os conceptos aprendidos cos triángulos, pero facendo algunha modificación.

Cando fixemos o proxecto dos triángulos definimos dous grupos de vértices, un para cada triángulo. Pero tamén podemos definir os dous triángulos nun mesmo grupo de vértices da seguinte forma:

```
public class Triangulos3D extends Game {

	private Mesh triangulos;
	private Texture textura;
	//private OrthographicCamera camara;
	private PerspectiveCamera camara;

	@Override
	public void create() {
		// TODO Auto-generated method stub
		triangulos = new Mesh(true,6,6,
				new VertexAttribute(Usage.Position,3,"a_position"),
				new VertexAttribute(Usage.ColorPacked,4,"a_color")
				);

		triangulos.setVertices(new float[] {-0.5f,-0.5f,-3f,Color.toFloatBits(255, 0, 0, 255),
				0.5f,-0.5f,-3f,Color.toFloatBits(255, 0, 0, 255),
				0f,0.5f,-3f,Color.toFloatBits(255, 0, 0, 255),
				0f,-0.5f,-5f,Color.toFloatBits(0, 255, 0, 125),
				1f,-0.5f,-5f,Color.toFloatBits(0, 255, 0, 125),
				0.5f,0.5f,-5f,Color.toFloatBits(0, 255, 0, 125)
				});
		triangulos.setIndices(new short[]{0,1,2,3,4,5});

	} // fin do create

	public void resize(int width, int height) {

	float aspectRatio = (float) width / (float) height;
```

```
        camara = new PerspectiveCamera();
                camara.viewportWidth = 2f*aspectRatio;
                camara.viewportHeight = 2f;
                camara.near=0.1f;
                camara.far=10f;
                camara.update();


    }

        @Override
        public void render(){
                //Gdx.gl.glClearColor(1,0,0,0);
                GL10 gl = Gdx.gl10;

                gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT | GL10.GL_DEPTH_BUFFER_BIT);

                gl.glMatrixMode(GL10.GL_PROJECTION);
                gl.glLoadIdentity();
                //gl.glOrthof(-1f, 1f, -1f, 1f, 0f, 10f);
                camara.apply(gl);

                gl.glMatrixMode(GL10.GL_MODELVIEW);
                gl.glLoadIdentity();

                gl.glEnable(GL10.GL_DEPTH_TEST);

                triangulos.render(GL10.GL_TRIANGLES,0,3);
                triangulos.render(GL10.GL_TRIANGLES,3,3);

                gl.glDisable(GL10.GL_DEPTH_TEST);

        }

}
```

Está marcado en negro os cambios que fixemos. Agora os vértices están xuntos. Cando debuxamos (render) informamos que imos debuxar un triángulo que ten a información dos vértices no array de vértices. Un dos triángulos empeza na posición 0 do array e ten tres vértices, mentres que o triángulo2 empeza na posición 3 (0,1,2 => triángulo1) e ten tres vértices.

A orde de debuxo dos vértices ven indicado polo array de índices (triángulo1 => 0,1,2 ; triángulo2 => 3,4,5).

Nota: Poderíamos aproveitar os triángulos que comparten lados e aforrarnos puntos no array de vértices.



Volvendo ó Cubo, vemos que cada lado do cubo vai necesitar 4 vértices, por 6 caras = 24 vértices. Por outra banda cada triángulo necesita 3 índices. Se cada cara ten dous triángulos isto da:

3 índices por triángulo x 2 triángulos por cara x 6 caras = 36 índices.

Polo tanto para crear o cubo temos que facer:

```
float[] vertices = { -0.5f, -0.5f,  0.5f, 0, 1,
        0.5f, -0.5f,  0.5f, 1, 1,
        0.5f,  0.5f,  0.5f, 1, 0,
       -0.5f,  0.5f,  0.5f, 0, 0,

        0.5f, -0.5f,  0.5f, 0, 1,
        0.5f, -0.5f, -0.5f, 1, 1,
        0.5f,  0.5f, -0.5f, 1, 0,
        0.5f,  0.5f,  0.5f, 0, 0,

        0.5f, -0.5f, -0.5f, 0, 1,
       -0.5f, -0.5f, -0.5f, 1, 1,
       -0.5f,  0.5f, -0.5f, 1, 0,
        0.5f,  0.5f, -0.5f, 0, 0,

       -0.5f, -0.5f, -0.5f, 0, 1,
       -0.5f, -0.5f,  0.5f, 1, 1,
       -0.5f,  0.5f,  0.5f, 1, 0,
       -0.5f,  0.5f, -0.5f, 0, 0,

       -0.5f,  0.5f,  0.5f, 0, 1,
        0.5f,  0.5f,  0.5f, 1, 1,
        0.5f,  0.5f, -0.5f, 1, 0,
       -0.5f,  0.5f, -0.5f, 0, 0,

       -0.5f, -0.5f,  0.5f, 0, 1,
        0.5f, -0.5f,  0.5f, 1, 1,
        0.5f, -0.5f, -0.5f, 1, 0,
       -0.5f, -0.5f, -0.5f, 0, 0
};

    short[] indices = { 0, 1, 3, 1, 2, 3, // Os dous triángulos dunha das caras => mirar gráfico seguinte
              4, 5, 7, 5, 6, 7,
              8, 9, 11, 9, 10, 11,
              12, 13, 15, 13, 14, 15,
              16, 17, 19, 17, 18, 19,
              20, 21, 23, 21, 22, 23,
    };

    private Mesh cubo;
```

Os dúos números do final fan referencia á textura que vai levar cada cara (xa o explicamos cos triángulos).
Fixarse como o array de índices vai 'pintando' os triángulos:



A maiores do cubo creamos o resto de propiedades necesarias coma a textura, método resize e

render:

```
        PerspectiveCamera camara;
        Texture cuboTexture;
        FPSLogger fps;


        @Override
        public void create() {


                // TODO Auto-generated method stub
                cubo = new Mesh(true,24,36,
                                new VertexAttribute(Usage.Position, 3, "a_position"),
                                new VertexAttribute(Usage.TextureCoordinates, 2, "a_texCoords"));

                cubo.setVertices(vertices,0,vertices.length);
                cubo.setIndices(indices,0,indices.length);

                FileHandle imageFileHandle = Gdx.files.internal("texturas/crate.png");
                cuboTexture = new Texture(imageFileHandle);

                fps=new FPSLogger();

        }

    @Override
    public void render() {
        GL10 gl = Gdx.gl10;
        gl.glClear(GL10.GL_COLOR_BUFFER_BIT | GL10.GL_DEPTH_BUFFER_BIT);

        gl.glMatrixMode(GL10.GL_PROJECTION);
        gl.glLoadIdentity();

        camara.apply(gl);

        gl.glMatrixMode(GL10.GL_MODELVIEW);
        gl.glLoadIdentity();

        gl.glEnable(GL10.GL_DEPTH_TEST);
        gl.glEnable(GL10.GL_TEXTURE_2D);

        cuboTexture.bind();
        cubo.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 36);

        gl.glDisable(GL10.GL_TEXTURE_2D);
        gl.glDisable(GL10.GL_DEPTH_TEST);

        fps.log();
    }

    @Override
        public void resize(int width, int height) {

        float aspectRatio = (float) width / (float) height;
        camara = new PerspectiveCamera(67, 2f * aspectRatio, 2f);
        camara.far=10;
        camara.near=0.1f;
        camara.update();
    }
}
```

Fixarse como se facemos a proba de visualizar da como resultado isto:



Isto é así xa que a cámara está situada na posición 0,0,0, e o cubo na posición z entre -0.5 e 0.5.

O lóxico sería mover a cámara. Pero temos que movela non no método resize, se non que temos que aplicar dito movemento á matriz de modelado (ModelView). Se o facemos no constructor estaremos movendo a cámara, pero o cubo se debuxará igual diante dela, xa que lembrade que o que definimos no cubo non son as súas coordenadas no mundo, se non o seu tamaño nun mundo 3D.

Polo tanto facemos a seguinte modificación no método render:

```
        ..................
gl.glMatrixMode(GL10.GL_MODELVIEW);
gl.glLoadIdentity();

gl.glEnable(GL10.GL_DEPTH_TEST);
gl.glEnable(GL10.GL_TEXTURE_2D);

camara.position.set(0f,0f,5f);
camara.update();
camara.apply(gl);

cuboTexture.bind();
cubo.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 36);
        ..................
```

Nota: lembrade que o signo positivo da Z é 'saíndo' da pantalla.

Agora imaxinade que queremos facer algún tipo de modificación sobre o cubo (escalado, movemento ou rotación).

Para facelo temos que utilizar as funcións de open gl: glTranslate, glRotate, glScale.
Se queremos mover o cubo 1 unidade en x,y e 3 en z usaremos glTranslate:

```
camara.position.set(0f,0f,5f);
camara.update();
camara.apply(gl);

gl.glTranslatef(+1f, +1f, +3f);

cuboTexture.bind();
cubo.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 36);
```



Nota: nas funcións de rotación (`gl.glRotatef(angulo, X, Y, Z))`, se poñemos 1 na coordenada se aplica a rotación a esa coordenada e se poñemos 0 non se aplica. Por exemplo: `gl.glRotatef(35, 1, 0, 0)` rotaría 35 grados o eixe X.

Exercicio:

- Facer que o cubo mida de ancho o dobre que de alto.
- Rotar o cubo 35 grados no eixe Y.

Tamén podemos facer que o cubo rote de forma continua. Para facelo creamos unha variable angulo de tipo float e a incrementamos ata 360 (360 grados), aplicando dito ángulo á matriz de modelado:

```
        private float angulo=0f

Método render:
        ...........
        gl.glMatrixMode(GL10.GL_MODELVIEW);
        gl.glLoadIdentity();

        gl.glEnable(GL10.GL_DEPTH_TEST);
        gl.glEnable(GL10.GL_TEXTURE_2D);

        camara.position.set(0f,0f,5f);
        camara.update();
        camara.apply(gl);

        angulo += Gdx.graphics.getDeltaTime()*20f;
        gl.glRotatef(angulo, 1, 1, 1);
        if (angulo>=360) angulo = 0;
        cuboTexture.bind();
        cubo.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 36);
        ............
```

Isto dará como resultado o cubo rotando nos tres eixes.

A pila de matrices.

Supoñamos agora que queremos dibuxar outro cubo noutra posición (en X+2).
Para isto teremos que facer unha traslación no eixe X, pero temos un problema:

Método render:

```
.....
angulo += Gdx.graphics.getDeltaTime()*30f;
gl.glRotatef(angulo, 1, 1, 1);
if (angulo>=360) angulo = 0;

cuboTexture.bind();
cubo.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 36);

gl.glTranslatef(2,0,0);
cubo.render(GL10.GL_TRIANGLES, 0, 36);
.....
```

Os dous cubos se moven á vez:



Isto se debe a que a matriz que se modifica (coa rotación) se aplica ós dous cubos, polo que se facemos unha rotación con respecto o punto 0,0,0 e despois desprazamos o cubo, as súas coordenadas x,y,z estarán cambiadas pola rotación, e é por iso polo que fai un movemento de traslación.

Teríamos que recuperar a matriz 'antes' de facer a rotación para que se aplique ó segundo cubo. Isto se fai cunha estrutura de pila de tipo LIFO (Last In First Out) de ata 10 matrices de tipo ModelView e dúas de tipo Projection. Normalmente usaremos só as de ModelView.

Os procedementos son: **glPushMatrix**() e **glPopMatrix**() (sobre o obxecto da clase GLXX).



Vexamos outros exemplos feitos en open gl:

```
glMatrixMode(GL_MODELVIEW);
glLoadIdentity();
glPushMatrix();
glTranslatef(0.0f, 0.25f, 0.0f);
